REGRESO A CREAT, por Nelly

Aquela semana, Sara estaba moi nerviosa. Dende había uns días, o colar que lle regalara a Princesa Karen vibraba e emitía, de cando en vez, unha luz de cor violeta. Sara non entendía o que estaba pasando, ¿habería perigo?, ¿onde?, ¿por que? Ningunha destas preguntas atopou resposta, ata que un día a Sara ocorréuselle unha idea:

- ¡Xa sei o que pasa! Algo malo debe estar sucedendo en Creat – Creat era o nome do Reino que Sara salvara había un ano - Pode que a Princesa Karen estea en perigo, ou que precise a miña axuda. Pero…¿como chego a Creat?.

Nese momento o colar brillou, e a súa luz de cor violeta tragou a Sara. Sentía como se estivera a dar voltas en círculos e pechou os ollos. Cando os volveu abrir estaba…¡no palacio da Princesa Karen!.

- Sara, ¡por fin! Estabamos esperando a que descubriras o que pasaba para poder trasladarte ata aquí – explicou rapidamente a Princesa – Estás aquí porque preciso que leves a cabo unha misión moi importante. Mentres a Princesa falaba, Sara asentía. Despois de que Karen fixera unha pausa para coller aire, seguiron as explicacións:

- Sara, a túa misión consiste en atopar a Vinca Minor. No teu mundo é unha flor de cor violeta, aquí é unha xema preciosa, tamén desa cor. É parecida á do teu colar – díxolle Karen –, pero a que tes que buscar é milleiros de veces máis fermosa.

- Pero…desculpa a pregunta, Karen, ¿para que serve esa xema?.

Autora: Andrea Domínguez Rodríguez

- A Vinca Minor que tes que atopar, se aceptas a misión, é unha xema sagrada. Como saberás, en Creat vivimos miles de milleiros de seres distintos. Esa xema sagrada fai que convivamos pacificamente todos, sen pelexas, sen sufrimento, etc… O doutor Rex roubouna, e se a xema pasa trece días fóra da súa caixa desatarase o caos. Só nos quedan seis.

- Moi ben, pero hai un problema, non podo faltar da miña casa seis días, a miña familia preocuparíase moito e …- non puido rematar a súa frase porque a Princesa Karen lle fixo un xesto para que gardara silencio - .

- Tranquila Sara, aquí pasarán seis días, na túa casa só seis minutos.

- ¡Pois vaiamos buscar a xema!.

- Querida Sara, esta vez irás ti soa. – A rapaza abriu moito os ollos coa sorpresa – Non podo ir contigo.

Sara recuperouse da sorpresa inicial e adoptou unha cara seria, díxolle á Princesa Karen que aceptaba a misión e que volvería coa xema antes de que se desen conta. Karen deulle un pequeno mapa para atopar o palacio do Doutor Rex, e unha libra de chocolate.

Sara púxose inmediatamente de camiño. Ao cabo de tres horas camiñando, por fin puido ver ao lonxe o palacio. Non era como o da Princesa Karen, parecíase aos das películas de medo. Tiña xardíns, pero non eran coloridos nin bonitos, eran escuros e húmidos. Ao redor do castelo todo era de cor gris. Sara atopou un sendeiro e seguiuno. Despois dun anaquiño chegou á porta principal do castelo. Había un pequeno timbre, Sara pulsou o botón, deu un paso cara atrás

Autora: Andrea Domínguez Rodríguez

e esperou. Ao pouco, oíu uns pasos que ían apresurados cara á porta, ¿que ocorrería despois? Cando a porta se abriu, apareceu detrás dela…

- ¡Kirst! ¿Que fas no castelo do Doutor Rex? – A pobre Sara case se desmaia ao ver á nena elfa alí - .

Kirsty fixo un xesto coa man para que a seguira. Sara dubidou un pouco pero seguiuna ata un confortable comedor. Nunha cadeira de brazos atopábase un señor de aspecto moi agradable.

- Kirst, ¿quen é esta rapaza?.

- É Sara, xa sabes, a que atopou a imaxinación da Princesa – dixo Kirst.

- ¡Ah, xa me acordo!. Perdoa que non o recordara Sara – a rapaza fíxolle un xesto indicando que non importaba – ¿e que che trae por aquí?

Sara púxose toda colorada. O señor parecía tan amable que non sabía como dicirlle a misión que lle encargaran. Kirst levou a Sara a unha esquina e alí pediulle que lle explicara o que estaba pasando. Sara contoullo todo. Kirst, despois de escoitala, díxolle:

- Meu avó non roubou a xema sagrada. Ben…si, pero non sabe para que serve. O que pasou foi que a Princesa a escondeu nun lugar secreto do xardín e meu avó pasou por alí e de casualidade atopouna. Trouxo a Vinca Minor á casa e xa coñeces o resto.

- Pero…se ti sabías que era a xema sagrada, ¿por que non a devolviches? – preguntoulle Sara.

Autora: Andrea Domínguez Rodríguez

- Pois porque non estaba segura de que o fora. Había un cero coma un por cento de posibilidades de que fora a Vinca sagrada.

- ¡Ah, pois agora temos que levala ao castelo da Princesa!

- De acordo – Sara e Kirsty volveron xunto ao Doutor Rex e explicáronlle o que pasaba.

- Síntoo moito Sara, non sabía que esa xema era tan importante. Vou coller a carruaxe e marchamos xunto á Princesa – dixo o Doutor Rex – En lugar de tardar tres horas en chegar, levoulle unha, porque os cabalos eran moi rápidos e colleron algún atallo. Cando chegaron aos xardíns do palacio de Karen, ela xa os estaba esperando.

- ¡Sara, tardaches menos do que pensaba! ¿Tes a xema sagrada?

- Si, Princesa Karen – cando Sara asentiu o Doutor Rex baixou da carroza coa Vinca Minor nas mans.

- Mil perdóns Princesa
  por coller esta xema
  non era a miña intención roubala
  só quería observala.
  Non sabía a súa utilidade
  pareceume unha xema de calidade.
  Tería que ter avisado
  e non ter calado.

Autora: Andrea Domínguez Rodríguez

A Princesa Karen contestoulle con outra poesía:

- Non importa nin pasa nada

  pois a súa intención non era mala
  só espero que non sexa tarde
  para curar os males.

- Magnífica poesía, perdoe se lle fixen algún mal ao Reino – volveuse desculpar o Doutor Rex –

- Grazas – respondeu Karen – os males ocasionados foron cativos, nada notable. Está vostede perdoado.

- Moitas grazas, Princesa.

Karen invitou ao Doutor Rex, Kirst e a Sara a tomar unha cunca de chocolate quente con pastas, e todos aceptaron encantados. Cando remataron Karen deulle as grazas a Sara por cumprir a súa misión. A luz do colar volveu brillar e envolveu a Sara; de alí a un par de segundos atopábase no seu cuarto. Mirou o reloxo e non pasara nin un minuto desde que marchara a Creat. Sara meteu a man no peto e alí estaba a libra de chocolate que lle dera Karen. Ao día seguinte, Sara fixo o mesmo cá anterior vez, escribiu a súa aventura para o Día das Letras Galegas. Á súa mellor amiga, Carla, encantoulle e estaba segura de que a aventura que vivira Sara era real, non inventada. A historia volveu ser un éxito.

Ata a próxima viaxe…

Autora: Andrea Domínguez Rodríguez